

A concreción das ensinanzas de grao a través da guía docente e a súa contextualización en Moodle

INFORMACIÓN XERAL

DURACIÓN: 5 horas

MODALIDADE: Presencial.

PRAZAS: Segundo os ordenadores que se dispoña.

OBSERVACIÓNS:

Recoméndase ao profesorado que participe neste obradoiro leve os materiais que teña elaborados en formato dixital do programa da materia ou da guía docente nunha memoria USB, aínda que se garante o acceso a internet e á Facultade Virtual dende a propia aula para quen o desexen.

OBXECTIVOS

1. Coñecer o modelo informatizado para o deseño e xestión das guías docentes na UDC.
2. Deseñar a guía docente da materia segundo o modelo de guía informatizado da UDC.
3. Coñecer a integración da Guía Docente en Moodle coa Guía de Aprendizaxe.

CONTIDOS

1. O modelo informatizado para o deseño e xestión das guías docentes na UDC.
2. O deseño da guía docente da materia segundo o modelo de guía informatizado da UDC:
 - Os compoñentes da guía docente.
 - A planificación da docencia baseada en competencias.
 - As metodoloxías docentes e a planificación ECTS.
 - As estratexias e técnicas de avaliación.
 - A atención ao alumnado no novo marco da educación superior.
3. A contextualización da guía docente en Moodle.

METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento do obradoiro realizaranse prácticas guiadas nas que se combinarán exposicións breves co traballo individual e en pequeno grupo. As persoas que participen traballarán na elaboración da guía docente en clave EEES dunha das materias que imparten dende ordenadores con conexión a internet, a través da aplicación para o deseño e xestión das guías docentes.

PARTICIPARÁN NO OBRADOIRO

O equipo do proxecto de guías docentes (GADU) de Soporte á Docencia da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña.